

MODELO VII
CERTIFICADO DE ACORDO A ADOPTAR POLAS COMUNIDADES DE PROPIETARIOS

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DE BARRIOS
DESFAVORECIDOS NO MARCO DA EDUSI COFINANCIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA

D./Dña _____, con DNI número _____, actuando en funcións de secretario/a da comunidade de propietarios do edificio sito na rúa _____ número _____ de Santiago de Compostela cuxo N.I.F. é _____

CERTIFICO

Que no libro de actas da comunidade de propietarios situada no _____, con referencia catastral _____, dilixenciado con número _____, na súa páxina _____, consta literalmente o seguinte asento de data _____: "En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de _____ celébrase xunta extraordinaria da Xunta de Propietarios correspondente á Comunidade de Propietarios do edificio _____".

A Xunta foi convocada polo presidente da Comunidade de Propietarios,

D./Dña _____, a instancia do propietario/a

D./Dña _____

A reunión ten lugar en segunda convocatoria por non existir quorum suficiente na primeira convocatoria.

Asisten persoalmente á Xunta os seguintes propietarios:

D./Dña. [NOME], propietario da vivenda [NOME], cunha cota de [NUMERO] %

D./Dña. (Nome)	Vivenda (Nº)	Cota (%)

D./Dna. (Nome)	Vivenda (Nº)	Cota (%)

Asisten á Xunta por medio de representante os seguintes propietarios:

D./Dna. [NOME], propietario da vivenda [NUMERO], cunha cota de [NUMERO], representado por [NOME].

D./Dna. (Nome)	Vivenda (Nº)	Cota (%)	Representado por (Nome)

Os propietarios presentes e representados son todos os existentes na comunidade e, por tanto, representan o cento por cento das cotas de participación na comunidade.

Considerando que o Bloque _____ situado na rúa _____, desta cidade, con referencia catastral _____ forma parte do grupo de vivendas nomeado _____, conta con ordenanza de vivendas colectivas 9A e non ten resolta a súa accesibilidade.

Considerando que o Pleno do Concello de Santiago coa finalidade de mellorar a accesibilidade deste grupo de vivendas aprobou definitivamente un estudo de detalle no que se prevé a ordenación dos criterios xerais para a instalación de ascensores e outros elementos de accesibilidade.

Considerando que para a participación na convocatoria de subvencións mellora da accesibilidade e implantación de ascensores na tipoloxía de vivenda colectiva con ordenanza 9A no marco da estratexia de desenvolvemento sostible, nos que a dotación dun ascensor presenta especiais dificultades de xestión por parte dos particulares estableceuse unha axuda en especie, sinalando unha serie de requisitos a cumprimentar polos beneficiarios,

Tratándose dunha modalidade de subvención en especie, cunha porcentaxe de financiación do 100% das obras de accesibilidade, na que o Concello asume o impulso e xestión do proceso, entregando ás comunidades o resultado das actuacións subvencionables, non precisa de acordo dos comeneiros para a modificación dos elementos comúns por razóns de accesibilidade que se interesa segundo o inciso b), do apartado 1, do artigo 10 da Lei de propiedade horizontal, non en tanto se trae á Xunta extraordinaria aos efectos de acadar os requisitos esixidos na convocatoria de subvencións.

Co fin de participar na referida convocatoria a comunidade de propietarios _____ a orde do día da Xunta, é o seguinte:

- I. Deliberar e decidir sobre a participación na convocatoria de subvencións de mellora da accesibilidade en vivendas con tipoloxía edificatoria 9A adoptando os acordos requeridos na mesma.
- II. Rogos e preguntas.

Despois de debater sobre o primeiro punto da orde do día, a Xunta de Propietarios adoptou os seguintes acordos por UNANIMIDADE:

- 1 Nomear a _____ coma representante para solicitar a subvención en especie para a instalación de ascensores e demais obras que resolvan os problemas de accesibilidade desta comunidade, autorizándoo a realizar cantos actos e trámites sexan precisos en relación co expediente de axuda nomeado "Convocatoria de concesión de subvencións de mellora da accesibilidade e implantación de ascensores na tipoloxía de vivenda colectiva con ordenanza 9A no marco da estratexia de desenvolvemento sostible"
- 2 Aceptar as contías estimadas e definitivas das axudas que se asignen a esta comunidade e a imputación a cada propietario en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente coma consecuencia da participación da presente convocatoria de accesibilidade, autorizando ao representante a asinar os documentos que procedan e a constituír as oportunas garantías.
- 3 Autorizar ao Concello de Santiago á redacción dos proxectos de instalación de elementos de accesibilidade desta comunidade e demais documentación técnica que resulte precisa en relación co expediente de axuda nomeado "CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE EN VIVENDAS DE BARRIOS DESFAVORECIDOS NO MARCO DA EDUSI COFINANCIADA NUN 80% POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA".
- 4 Aceptar o proxecto de obras de instalación do elevador e demais elementos de accesibilidade que elabore o Concello, eximindo ao Concello de calquera dano e prexuízo que puidera ocasionarse por mor das deficiencias estruturais e patoloxías previas existentes nas vivendas ou locais.
- 5 Autoriza ao Concello de Santiago a realizar as obras de accesibilidade obxecto da presente convocatoria, autorizando a ocupación temporal polo Concello sen dereito a indemnización dos espazos precisos para acometer as obras de accesibilidade e instalación de ascensores, que o porá, no seu caso, a disposición da/s empresa/s adxudicatarias das obras de accesibilidade, para o seu normal desenvolvemento, de tal xeito que posibilite a súa finalización dentro do prazo previsto, autorizando ao presidente á sinatura da acta cesión temporal ou posta a disposición para a execución das obras obxecto da presente convocatoria.
Dita acta de posta disposición incorporará plano grafitado dos espazos afectados segundo o previsto polos estudos de detalle que delimitan o ámbito e o proxecto de instalación de elevadores que concrete a solución en cada caso.
- 6 Asumir, sen dereito a indemnización municipal, as incomodidades e prexuízos que puideran ocasionarse durante a realización das obras de accesibilidade, coma os posibles custes de realoxo si fora o caso, aínda que se intentará que sexan os mínimos.

- 7 Acordar a adquisición pola Comunidade dos espazos privativos ou extinción dos dereitos de luces e outros, afectados polas obras de accesibilidade que proceda adquirir ou extinguir con cargo da comunidade, e conseguinte modificación do título constitutivo e reparto de cotas que proceda para a súa nova configuración coma espazo común da comunidade.
- 8 Autorizar ao presidente desta comunidade para asinar na súa representación os acordos translativos ou extintivos de mutuo acordo cos propietarios afectados dos espazos privativos, segundo o previsto polos estudos de detalle e o proxecto de instalación de elevadores en relación coa presente convocatoria, efectuando as modificacións da división horizontal que se precisen, e eximindo ao Concello de calquera tipo de indemnización, reclamación ou litixio que poida derivarse entre as partes, tanto en vía administrativa como xurisdiccional.
- 9 Autorizar ao representante desta comunidade, no caso de que a solución de accesibilidade comprenda mais dun edificio para asinar na súa representación os acordos que procedan para a modificación do título constitutivo para a creación dunha mancomunidade dos edificios afectados pola solución de accesibilidade e implantación de ascensor, e imputación de cotas por solución de accesibilidade, autorizando a realizar os trámites pertinentes para o seu acceso ao rexistro da propiedade.
- 10 Autorizar ao presidente desta comunidade a presentar a documentación de dispoñibilidade e demais vinculada a afectación terreos afectados polo proxecto, no prazo establecido nestas bases de traslado do proxecto de instalación, que implicará a aceptación das contías provisionais das axudas e a imputación porcentual provisoria a cada un dos propietarios, incautándose a garantía provisoria en caso contrario.
- 11 Autorizar ao presidente desta comunidade para asinar na súa representación acta de recepción das obras, na que constarán as actuacións subvencionables que recibe, o prazo de garantía, as contías definitivas das axudas e a imputación porcentual definitiva a cada un dos propietarios en proporción a súa participación na solución de accesibilidade correspondente; perdéndose a garantía definitiva en caso contrario, e incorrendo a comunidade en causa de reintegro segundo o previsto nas bases.
- 12 A comunidade obrígase á sinatura da acta de recepción das obras resultantes no prazo de 10 días dende o seu requirimento perdéndose a garantía definitiva en caso contrario, e incorrendo en causa de reintegro segundo o previsto nestas bases.
- 13 A comunidade deberá inscribir no rexistro da propiedade a súa costa as modificacións executadas sobre o edificio, os elementos de accesibilidade vinculados ao mesmo, facendo constar a propiedade ou o dereito constituído cando proceda, e a axuda percibida de acordo á regulación destas bases, solicitando autorización municipal previa cando proceda a inscrición do dereito de utilización privativa do dominio público; dando traslado ao Concello da documentación rexistral que o acredite.
- 14 A comunidade obrígase a responder solidariamente ante o Concello ao primeiro requirimento nos supostos de incumprimento de requisitos, compromisos e reintegro da presente subvención en especie imputable a calquera dos seus membros, e as contías que correspondan, sen prexuízo de que posteriormente a comunidade repita conforme as normas da propiedade horizontal.
- 15 A comunidade obrígase durante un prazo de dez anos trala sinatura da acta de recepción e entrega, so pena de reintegro do importe do valor do mercado das actuacións subvencionables, a destinar os bens que se reciban ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, debendo manter en funcionamento e en óptimas condicións de uso os elevadores que reciban, de conformidade co previsto no Art. 29.4 da Lei de subvencións.
- 16 A comunidade obrígase a conservar diligentemente as obras de accesibilidade realizadas, correndo pola súa conta calquera indemnización de danos ou responsabilidade civil que resulte, deberá subscribir seguros en contía suficiente, así como efectuar reparacións e custes de mantemento a realizar por empresas certificadas cos permisos esixidos segundo a normativa aplicable en cada momento.
- 17 A comunidade obrígase a custodiar e vixiar os elementos subvencionados, dos danos, roturas, deterioración, roubo, extravío que puidesen causarse, imputables ao mal uso ou trato polos usuarios, sendo responsable a propia comunidade beneficiaria.
- 18 No caso de que o proxecto de instalación de elevadores non requira a utilización de espazo común da comunidade ou privativo dos propietarios dos pisos ou locais, senón que sexa necesario a utilización de espazo público, esta comunidade acorda, autorizando ao seu presidente a presentar escrito:
 - a solicitar ao Concello de Santiago, segundo criterio do técnico municipal, a desafectación e alleamento por prezo ou a cesión do voo do espazo de uso público con pago anual de contraprestación
 - b asumir as obrigas que se impoñan á comunidade no acordo de cesión ou alleamento, de conservación dilixente, mantemento, responsabilidade por danos, seguros e o pago da contraprestación pola cesión ou o prezo de alleamento.
- 19 No caso de que o proxecto de instalación de elevadores afecte a urbanizacións con espazo público que se atope sen regularizar, e con ese fin autoriza ao representante da comunidade/agrupación para a sinatura do documento de formalización ou acta cesión do espazo pendente de regularizar ao Concello, e a realizar os cambios rexistrais que no seu caso procedan para a inscrición a nome do Concello de persistir restos dos predios matrices que conforman a urbanización a nome das comunidades ou promotores ou outras situacións rexistrais similares.

Todos os propietarios votaron a favor do acordo.

Efectuada a votación, o Presidente da Xunta de Propietarios proclama o resultado da mesma e o Secretario lee en voz alta esta acta en presenza dos asistentes, tras o cal asinan ao pé da acta o Presidente e o Secretario da Xunta de Propietarios."

Expídese esta certificación en Santiago de Compostela, a _____ de _____ de _____, para os efectos oportunos interesados pola comunidade solicitante na convocatoria convocatoria de subvencións de mellora da accesibilidade de vivenda en tipoloxía edificatoria con ordenanza 9A no Concello de Santiago de Compostela

Sinatura O/A Secretario/a

Vº e pr. do Presidente/a ou representante da comunidade/agrupación de propietarios afectada